

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de xullo de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.- Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de dous vehículos mediante lotes para o parque móbil do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2021/C004/000013.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da cesión do dereito de uso dunha licenza de software de “xestión integral de parques” destinado ao servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento do Concello de Lugo. Expte. Ref. 2021-C004-000008.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración (adquisición), instalación e mantemento integral de 57 desfibriladores para edificios e instalacións municipais do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. Ref. 2021-C004-000016.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación de servizos de atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais casas das linguas, sitas en estrada da granxa e no Centro de Convivencia María Balteira e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021/C003/000031.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 2/7/2021 ata o 1/7/2022 na contratación mediante lotes do servizo de vixilancia nos sete centros de convivencia municipal. (Expte. Ref. 2019-070).

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: ispac3590741683830059763.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-7-2021

Do mesmo xeito, acordase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Mejora de la accesibilidad en Fingoi de Abaixo” e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2021-C002-000043

Acórdase a incoación de expediente de imposición de penalidades por incumprimento do prazo total de execución da obra na contratación da obra de acondicionamento, ampliación e cubrición da area de xogos infantís na praza de Augas Férreas do Concello de Lugo. Exp. Ref.2020-C002-00020

Acórdase a aprobación definitiva da modificación do contrato de concesión administrativa para a construción e explotación de estacionamentos para vehículos automóviles nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e da Constitución. (Dimensión prazas de aparcamento). Esp. Ref.2020/C005/000013.

2. PERSOAL.- Acórdase aprobar a proposta resolución parcial concurso no Excmo. Concello de Lugo para cabos bombeiros, xefes/as de negociado e xefes/as de grupo en relación aos cabos bombeiros.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das licenzas urbanísticas: para construción de vivenda unifamiliar, demolición de peche actual na fronte ó camiño lateral sur e execución de novo peche a 4 metros do eixe do camiño, así como enfoscado e pintado dos restantes peches de parcela existentes, no núcleo rural tradicional de Santo Matías, número 24, parroquia de o Veral. (expte: 332/18); para cambio de uso de local en planta baixa a 2 vivendas en edificio existente na ronda do Carme, numero 9. (expte: 2021/Y001/000085); para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa erín, número 15. (expte: 2021/Y001/000039) e para construción de edificio de planta baixa para unha vivenda con piscina na rúa San José. (expte: 2020/Y001/000181).

Fora da orde do día

- Aprobación do tribunal de selección persoal brigada de prevención de incendios forestais.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.